XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES XULIÁN MAGARIÑOS

Rúa Castelao s/n
15830 Negreira
Tel: 881.86.71.26 Fax: 881.86.71.32
ies.xulian.magarinos@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/iesxulianmagarinos/

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE · UNIÓN EUROPEA

# INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

**Estimadas familias:** Poñémonos en contacto con vós para informarvos de varios aspectos importantes relacionados coa fin de curso dos vosos fillos e fillas e o inicio do vindeiro curso

## 1. CALENDARIO XUÑO PARA ALUMNADO DE ESO e FPB

| | | |
|---|---|---|
| **6 de xuño** | **Terceira avaliación de 1º e 2º ESO.** | |
| **8 de xuño** | **Terceira avaliación de 3º e 4º ESO.**<br>**Publicación de cualificacións por Abalar as 22:00.** | |
| **9-21 xuño** | **Actividades de recuperación / ampliación para alumnado.** | |
| **22 xuño** | **Día de finalización das actividades lectivas.**<br>**Horario especial fin de curso. Saída as 14:00h.** | Limpeza e revisión de aulas<br>Devolución libros, taquillas.<br>Devolución equipos informáticos |
| **23 xuño** | **Avaliación final de ESO.**<br>**Publicación de cualificacións por Abalar as 23:00** | |
| **27-28 xuño** | **Revisión exames e reclamacións* (ata as 14:00 h do día 28)** | |
| **29 xuño** | **Comunicación da resolución das reclamacións.** | |

## 2. CALENDARIO XUÑO PARA BACHARELATO

| | | |
|---|---|---|
| **8 de xuño** | **Avaliación final de 1º bacharelato.**<br>**Publicación de cualificacións por Abalar as 22:00.** | |
| **9-10 xuño** | **Revisión de exames e reclamacións* (ata as 14:00 h do día 10)** | |
| **9-17 xuño** | **Actividades de recuperación / ampliación para alumnado**<br>todo o alumnado debe asistir ao centro , incluido o que teña todo aprobado, aínda que para este alumnado as cualificacións obtidas o día 8 serán definitivas .<br>**17 XUÑO : último día de clase** | 17 xuño: Limpeza e revisión de aulas<br>Devolución libros e equipos |
| **20-22 xuño** | **Probas extraordinarias de 1º e 2º bacharelato (só haberá exames, non clase). Datas e horas dos exames na web.** | |
| **23 xuño** | **avaliación extraordinaria de bacharelato.**<br>**Publicación de cualificacións por Abalar as 23:00** | |
| **27-28 xuño** | **Revisión de exames e reclamacións* (ata as 14:00 h do día 28)** | |
| **29 xuño** | **Comunicación da resolución das reclamacións** | |

*** Antes de presentar unha reclamación formal, recoméndase que o/a alumno/a desconforme coa cualificación obtida ou os/as seus/súas titores legais consulte previamente co profesor ou profesora da materia correspondente.**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES XULIÁN MAGARIÑOS
Rúa Castelao s/n
15830 Negreira
Tel: 881.86.71.26 Fax: 881.86.71.32
ies.xulian.magarinos@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/iesxulianmagarinos/



**As clases en Bacharelato rematan o venres 17 de xuño**

Ese día haberá actividade lectiva normal todo o día. A semana seguinte (20-22 de xuño) o alumnado de bacharelato só acudirá ao centro para a realización das probas extraordinarias das materias que lle correspondan.

**As clases en ESO e FPB rematarán o mércores 22 de xuño**.

Ese día haberá actividade lectiva normal na ESO e FPB ata as 11:35 A partir desa hora terá lugar o proceso de limpeza e revisión de aulas e recollida de libros e material escolar.

As 12:50 o alumnado de ESO e FPB poderá disfrutar dun espectáculo de música e poderá participar en probas deportivas e xogos tradicionais para finalizar este curso dun xeito divertido e relaxado. As actividades rematarán ás 13:55 horas. O alumnado que faga uso do transporte escolar sairá en autobús as 14.00 horas.

**Devolución dos libros do FONDO SOLIDARIO DE LIBROS, libros prestados da biblioteca, equipos informáticos "Educa en Dixital", equipos EDIXGAL e chaves de taquilla**

Respecto dos equipos informáticos o alumnado de 1º ESO que teña equipo Edixgal e continúe o ano que ven no centro **NON** ten que devolver o equipo, pode telo na casa durante o verán. Só terá que devolver o equipo completo (ordenador, cargador , lápis etc.) aquel alumnado que marche do centro.

O día 22, de final de curso, o alumnado ten que devolver en correcto estado todos os libros de texto que lle foran prestados. Lembramos que a correcta devolución dos libros e material que lles fora prestado este ano é condición indispensable para poder participar no fondo solidario de libros ou recibir o equipo EDIXGAL no vindeiro curso. Tamén se devolverán as chaves da taquilla para ter dereito á devolución da fianza, e os libros que se colleran prestados na biblioteca.

**Comunicación de cualificacións e prazo do proceso de revisión**

As sesións de avaliación terán lugar o día 22 pola tarde e 23 pola mañá e pola tarde. Familias e alumnado recibirán as cualificacións de xeito telemático por ABALAR a partir das 23 horas do xoves 23. Lembramos que o venres 24 é festivo autonómico. Entre ese momento e ata as 14 horas do día 28 poderá solicitarse revisión dos exames e aclaracións do profesorado.

**Reclamación ante a xefatura territorial**

Se tras o proceso de revisión no centro aínda se está en desacordo coa cualificación pódese proceder a presentar reclamación oficial no prazo de dous días a partir da comunicación da resolución do centro.

**Entrega física de boletíns e Consellos orientadores ao alumnado de 2º e 4ºESO e proposto para FPB / PDC**

Farase o luns 27 a partir das 12:30 horas (escalonadamente por cursos), por parte dos/as titores/as nas aulas de referencia.